

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúnese no Pazo provincial ás 12,25 horas do día 11 de xaneiro de 2022, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ** EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO** EN SUBSTITUCIÓN DE D. ÁNGEL MANUEL RODAL ALMUIÑA, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 19 de novembro de 2021.

2.- DAR CONTA DAS BASES DE SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS DE GRUPOS CON CARGO AO PROGRAMA "PONTEGAL" 2022

A presidencia informa sobre as bases de solicitudes de actuacións de grupos con cargo ao Programa "Pontegal" 2022 que se aprobaron na Xunta de Goberno de 26 de novembro de 2021 e saíron publicadas no BOPPO núm. 238 de 10 de decembro de 2021. O importe que se destina a este programa é de 600.000,00 € que se financiarán con cargo á aplicación 22/330.3340.226.29 do orzamento provincial.

As entidades solicitantes de actuacións con cargo a este programa poderán ser as agrupacións e asociacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra e as entidades locais menores.

O prazo de presentación de solicitudes de actuacións comezou a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As solicitudes deberán presentarse cunha antelación de máis de 20 días naturais con respecto á data de realización da actuación.



3.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "MUSIGAL" 2022 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A presidencia informa sobre as bases do Programa "Musigal" 2022 que se aprobaron na Xunta de Goberno de 17 de decembro de 2021 e saíron publicadas no BOPPO núm. 250 de 29 de decembro de 2021.

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras do Programa "Musigal" 2022 da Deputación de Pontevedra mediante as que se crea un Catálogo de grupos musicais profesionais que fagan música galega e en galego nos seus concertos ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega, e regular o procedemento para que os concellos da provincia poidan solicitar a actuación destes.

O catálogo terá unha vixencia indefinida mentres estea en vigor o programa "Musigal".

O prazo de presentación de solicitudes de inclusión, baixa ou modificación de datos estará aberto do 1 ao 15 de xaneiro de cada ano natural.

Deste programa poderán beneficiarse os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes e a cada concello concederáselle unha única actuación para o ano 2022. O prazo de presentación de solicitudes por parte dos concellos interesados empezará o 20 de xaneiro de 2022 e rematará o 15 de febreiro de 2022.

Este programa desenvólvese con cargo á aplicación orzamentaria 22/330.3340.226.30 por un importe total de 500.000,00 €.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

